

Ciclo de exposiciones

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

www.fegadace.org

#puntoeseguido



XUNTA
DE GALICIA



Obra Social "la Caixa"



Deputación
DA CORUÑA

Punto e seguido

A vida depois do dano cerebral adquirido



Algunhas persoas defíneno como un abismo; un cambio enorme, un tsunami. Como algo que pon todo patas arriba. Como unha ferida. O dano cerebral adquirido é unha discapacidade que cada ano se presenta nas vidas dunhas 7.000 familias galegas, dándolle a volta a proxectos vitais, parellas, amizades, veciñanza.

Converte a persoas traballadoras en dependentes, a parellas e familiares en cuidadoras, a nenos e nenas en mestres dun pai ou dunha nai que esqueceu como sumar ou como escribir. Deixa fogares que se teñen que recompoñer, casas que se teñen que transformar, economías que se teñen que adaptar, relacións e roles que se teñen que reorganizar. Un puzzle para o que as familias non contan con toda a axuda que precisan.

Un ictus ou un accidente de tráfico son cuestión de segundos. Un punto e seguido para o que virá despois. Secuelas visibles e invisibles. Orgánicas, físicas, sensoriais, cognitivas, emocionais, condutuais, económicas, sociais. Pero tamén apoio, rehabilitación, novos proxectos de vida, novas relacións, novas leccións, novos gustos e intereses.

A Federación e as asociacións galegas de dano cerebral queremos, con estas fotografías, achegarte á realidade das persoas con dano cerebral adquirido. Abrirche a porta das nosas casas. Amosarche que o dano cerebral non é un punto final. Que é un punto e seguido para unha nova vida.

Punto e seguido

A vida despois do dano cerebral adquirido

Fotografía: Aigi Boga

Producción: Laucreaciones

Coordinación: FEGADACE

Comisariado e deseño:



Colaboran:

